

EUTROPIO
(Escolma para a PAU)
Bloque 1 (1º trimestre)

1, 2. Unha vez fundada a cidade, que chamou “Roma” a partir do seu nome, fixo, pouco máis ou menos, o seguinte: acolleu unha multitude de pobos veciños na comunidade e elixiu cen dos máis vellos para servirse do seu consello en todos os asuntos, e chamoulles “senadores” a causa da súa senectude. Logo, como nin el mesmo nin o seu pobo tiñan esposas, convidou a un espectáculo deportivo a unhas xentes veciñas da cidade de Roma e rouboulles as mozas.

1, 3. Despois foi elixido rei Numa Pompilio, que non levou a cabo guerra ningunha, pero non foi menos útil á comunidade que Rómulo, pois ditou leis e costumes ós romanos, que daquela eran considerados ladróns e medio bárbaros debido á súa inclinación ó combate; e dividiu en 10 meses o ano, antes un caos sen organización ningunha, e tamén erixiu innumerables templos e santuarios en Roma. Morreu de enfermidade ós 43 anos de reinado.

1, 4. Sucedeuno Tulo Hostilio. Este retomou as guerras. Venceu os albanos, que están a 12 millas de Roma. Ós de Veies e ós de Fidenas, dos cales uns están a 6 millas de Roma e os outros a 18, derrotounos nunha guerra, e ampliou a cidade engadíndolle o monte Celio. Logo dun reinado de 32 anos, fulminado por un raio, ardeu xunto coa súa casa.

1, 5. Tras este asumiu o poder Anco Marcio, fillo dunha filla de Numa. Combateu contra os latinos, engadiu á comunidade o monte Aventino e o Xanículo, e fundou unha nova comunidade na beiramar, onda a desembocadura do Tíber, a 16 millas de Roma. Morreu de enfermidade ós 24 anos de reinado.

1, 6. Logo tomou o poder Tarquinio o Antigo. Este duplicou o número de senadores, construíu un circo en Roma, e instituíu os Xogos Romanos, que seguen a celebrarse aínda hoxe. Este mesmo home tamén venceu os sabinos, anexionou ó territorio de Roma unha boa cantidade de agros que lles ocupou, e foi o primeiro en entrar en triunfo na cidade. Construíu unha muralla e unha rede de cloacas, e comezou a edificación do Capitolio. Ós 38 anos de reinado foi asasinado polos fillos de Anco, o mesmo rei a quen el sucedera.

1, 7. Tras este asumiu o poder Servio Tulio, nacido dunha muller nobre, pero que, con todo, foi tomada como prisioneira e escrava. Este rei someteu tamén os sabinos; uniu á cidade tres montes (o Quirinal, o Viminal e o Esquilino), e trazou un foxo ó longo da muralla. Foi o primeiro en ordenar facer un censo, cousa descoñecida ata daquela no mundo. Foi asasinado polo seu xenro Tarquinio o Soberbio, fillo do rei a quen el mesmo sucedera, e pola súa propia filla, que era a esposa de Tarquinio.

FEDRO
(Escolma para a PAU)
Bloque 1 (1º trimestre)

1, 4. O can que levaba un anaco de carne mentres cruzaba un río

Perde con razón o propio quen apetece o alleo.
Un can, mentres estaba a nadar por un río cun anaco de carne,
viu o seu reflexo no espello das augas
e, pensando que outro can levaba un segundo botín,
quíxollo arrebatat. Pero a súa ansia viuse enganada:
perdeu a comida que suxeitaba coa boca,
e non puido alcanzar a que pretendía.

1, 5. A vaca, a cabra, a ovella e o león

A alianza cun poderoso nunca é segura:
esta fábula dá testemuño da miña afirmación.
Unha vaca, unha cabra, e unha ovella, vítima de inxustizas,
asociáronse cun león nun bosque.
Tras cazaren un cervo de gran tamaño,
así falou o león, co fin de facer o reparto:
“Eu collo a primeira parte, porque o meu nome é ‘león’”;
a segunda, porque son afouto, darédesma;
logo, porque son máis forte ca vós, tocárame a terceira;
mal o ha pasar quen toque a cuarta”.
E así, o malvado, malia non ser máis ca un, levou todo o botín.

1, 10. O lobo e a raposa xulgados polo simio

Quen se fixo notar unha vez por un feo engano,
aínda que diga a verdade, non ten creto.
Diso dá testemuño esta breve fábula de Esopo.
Un lobo acusaba unha raposa dun delicto de roubo.
Ela negaba ser a culpable.
Daquela un simio veu sentar entre eles, como xuíz.
Unha vez que un e outra defenderon a súa causa,
disque esta foi a sentenza do simio:
“Non parece que perdeses o que pides,
e coido que ti roubaches o que tan ben negas”.

2, 7. Os dous mulos e os ladróns

Dous mulos ían derreados polas súas cargas.
Un levaba cestos cheos de diñeiro,
e o outro sacos ateigados de cebada.
O primeiro, rico pola carga que levaba, ía coa cabeza alta,
sacudindo co pescozo o sonoro axóuxere,
mentres o seu compañeiro o seguía con paso calmo e acougado

De súpeto, uns ladróns saíron correndo do seu agocho;
asaltándoos, feriron coa espada un dos mulos
e ripáronlle as moedas, esquecendo a ruín cebada.
Así, cando o mulo roubado estaba a chorar a súa desgraza,
dixo o outro: “Abofé que me alegro de que me desprezasen,
pois nada perdín nin recibín ferida”.

Segundo este exemplo, a pobreza humana está segura,
mentres que as grandes riquezas están expostas ó perigo.